

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

EXTRACTO da Orde do 1 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental (código de procedemento PR483E).

BDNS (Identif.): 631122.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios destas subvencións aqueles concellos de Galicia que subscribisen ou vaian subscribir un contrato de *renting* con data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2022 e que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter menos de 50.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes en xaneiro de 2021, publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

b) Ter remitida a conta xeral do concello, correspondente ao exercicio orzamentario de 2020, ao Consello de Contas. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarase mediante certificación emitida pola persoa secretaria ou interventora do concello.

c) Contar con corpo de policía local, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Segundo. *Obxecto*

Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia da subministración, mediante o sistema de *renting*, de vehículos eléctricos ou vehículos híbridos



enchufables e non enchufables, que reúnan as condicións para obteren o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, con destino aos corpos de policía local para o exercicio das súas funcións.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 1 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de *renting*, con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental (código de procedemento PR483E).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase crédito ata un importe máximo de 600.000,00 € coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Total anual
2022	112.500,00
2023	150.000,00
2024	150.000,00
2025	150.000,00
2026	37.500,00
Total	600.000,00

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2022

Elena Muñoz Fonteriz
Secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Segunda e
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

